

BASES CAMPAMENTO DE VERÁN VILAR DE SANTOS 2024

O obxecto das presentes bases é dotar ó Concello de Vilar de Santos dun campamento de verán como oferta lúdica e de desenvolvemento persoal para os nenos e nenas de infantil e primaria, ó tempo que se pretende ofrecer ós pais e nais unha posibilidade de conciliación real durante o período estival.

ARTIGO 1. DESTINATARIOS.

Este servizo está dirixido ás etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Nenos e nenas de 3 a 12 anos de idade.

Terán prioridade absoluta na adxudicación de prazas os nenos e nenas empadroados con a lo menos 6 meses de antigüidade no Concello de Vilar de Santos.

ARTIGO 2. SOLICITUDE.

O **prazo de preinscripción estará aberto dende o 04 de Xuño ó 11 de Xuño** incluídos a través do formulario online habilitado para dita actividade.

Rematado o prazo de preinscripción, publicarase na web do concello <https://www.vilardesantos.gal/> o listado de persoas admitidas e lista de suplentes. Ao ser prazas limitadas terán prioridade os menores empadroados no Concello de Vilar de Santos e, en caso de quedar prazas libres, o criterio de adxudicación será a orde de inscrición.

Os Servizos Sociais do Concello de Vilar de Santos contactarán coas persoas admitidas para que procedan a formalizar a matrícula.

A **matricula** deberá formalizarse ben presencialmente, nas oficinas do Concello de Vilar de Santos, ben a través de correo electrónico: servizos.sociais@vilardesantos.com remitindo a este enderezo o formulario de solicitude previamente asinado.

O formulario de solicitude poderá recollerse nas oficinas municipais ou ben descárgalo da páxina web do Concello.

ARTIGO 3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

Terán prioridade absoluta os nenos e nenas empadroados no Concello de Vilar de Santos, a lo menos nos seis meses anteriores a data de inicio da preinscripción.

A adxudicación de prazas levarase a cabo tendo en conta os seguintes criterios:

- Nenos e nenas empadroados no Concello de Vilar de Santos, a lo menos nos seis meses anteriores a data de inicio da preinscripción
- Resto de nenos empadroados no Concello de Vilar de Santos.
- Nenos e nenas con algún proxenitor empadroadado no Concello de Vilar de Santos.

- Nenos e nenas con algún familiar de ata segundo grao de afinidade/consanguinidade empadroadado no Concello de Vilar de Santos
- Orde de presentación de solicitude.
- Que os dous proxenitores traballen (deberán presentarse contratos de traballo).
- Nivel de renta (para o que se requirirá declaración do IRPF 2023).

Os solicitantes non admitidos en primeira instancia, pasarán a formar parte dunha lista de agarda. Non se contemplarán solicitudes fora do prazo establecido, a excepción de que queden prazas libres. Non serán admitidos os nenos e nenas que non cumpran os requisitos esixidos.

A inscrición para participar no Campamento de Verán 2024 do Concilia Vilar de Santos, presentaranse conforme o ANEXO I das presentes bases.

No caso de realizar chamamentos dentro das listas de agarda, seguirase o seguinte criterio: realizaranse un máximo de 3 chamadas telefónicas o número indicado na solicitude, os chamamentos serán realizados entre as 9 e as 15 horas. De non ter resposta, pasarase ó seguinte da lista.

ARTIGO 4. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA.

Unha vez publicado o listados de nenos e nenas admitidos/as, deberán pasar polo Concello para recoller o sobre de formalización de matrícula.

O sobre contén a seguinte documentación:

1. Declaracións responsables e autorizacións.
 - Autorización para imaxes.
 - Declaración responsables datos médicos de interese.
 - Autorización para recollida do menor por terceiras persoas.
 - Autorización para que o menor poida marchar só unha vez rematado o campamento (só no caso de maiores de 10 anos).
 - Autorización para participar no grupo de whatsapp.
2. Normas do campamento de verán Concello de Vilar de Santos 2024.

O sobre coa totalidade do seu contido e o xustificante de ter realizado o pago do campamento, debe ser entregado antes do inicio do campamento, e con data límite o 17 de Xuño de 2024.

ARTIGO 5. HORARIOS E LUGAR DO CAMPAMENTO.

O campamento terá lugar nas inmediacións da praza do Concello de Vilar de Santos.

A recepción dos menores será no Salón de Actos e o tramo de entrega será das 9 ás 10 horas.

A recollida realizarase no mesmo lugar entre as 13 e as 14 horas. Debendo ser recollido por un adulto debidamente autorizado. Os nenos e nenas maiores de 10 anos poderán marcharse sós unicamente naqueles casos en que os proxenitores o teñan previamente autorizado por escrito.

O campamento levarase a cabo **dende o día 24 de Xuño ata o día 06 de Setembro**. Podendo solicitar o campamento completo, por mes ou por quincena.

Ante dúas faltas sen xustificar o menor perderá automaticamente a súa praza pasando a ofrecerlle a mesma a primeira persoa da lista de agarda.

ARTIGO 6. PAGAMENTO.

Establécese un copagamento de 15 €quenda para os nenos empadronados no concello de Vilar de Santos e 40€quenda para os nenos non empadronados no Concello de Vilar de Santos

O pago do importe correspondente,deberá realizarse no seguinte número de conta titularidade do Concello de Vilar de Santos: ABANCA – ES13-2080-5303-0131-1001-1605 antes do inicio do mesmo.

ANEXO I
FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA
CONCILIA VERÁN 2024

Nome do neno/a	
DNI do neno/a	
Data de nacemento	
Enderezo	
Nome da nai	
DNI da nai	
Teléfono da nai	
Nome do pai	
DNI do pai	
Teléfono do pai	
Correo electrónico	

FORMA DE PAGO

(Entregar xustificante bancario con data límite 19/06/2024
 Concepto: Nome e Apelidos do neno/a e período de campamento)
 Ingreso na conta de **ABANCA: ES13-2080-5303-0131-1001-1605**

IMPORTE:

- Nenos **empadronados** no concello de Vilar de Santos: **15€quenda**
- Nenos **non empadronados** no Copncello de Vilar de Santos: **40€quenda.**

A través do presente autorizo a participación do meu fillo/a menor de idade no programa Concilia Verán 2024 do Concello de Vilar de Santos, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

DATOS MÉDICOS DE INTERESE

(Engadir informe médico se o considera preciso)

¿Padece algunha enfermidade e/ou limitación física así como calquera
 INTOLERANCIA ALIMENTARIA, ALERXIA, etc. ?

SI Indica cal

NON

OBSERVACIÓNS

AUTORIZACIÓNS

Don/a _____ con DNI _____
e enderezo _____ titor/a legal da/do menor

ACORDO AS SEGUINTE AUTORIZACIÓNS:

CAPTACIÓN DE IMAXES

AUTORIZO NON AUTORIZO

Ao Concello de Vilar de Santos e a empresa encargada da execución do programa Concilia Verán 2024, á captación de fotografía, imaxe, vídeo e son das actividades que se poidan levar a cabo durante o Campamento de Verán nos que apareza o meu fillo/a menor.

* As imaxes, vídeos e sons, destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso, así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Vilar de Santos tanto en papel como na páxina, web, redes sociais, etc., mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vilar de Santos. En calquera momento, poderán exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no rexistro xeral do Concello.

RECOLLIDA DOS MENORES PARTICIPANTES

Autorizo, baixo a miña responsabilidade, a recoller ao meu fillo, ás seguintes persoas maiores de idade:

D/Dona _____ DNI _____
D/Dona _____ DNI _____
D/Dona _____ DNI _____

Sempre unha vez rematado o día de campamento (horario de recollida: de 13 a 14 horas).

Para os **nenos e nenas de 10 ou mais anos:**

AUTORIZO NON AUTORIZO

A que volva só o seu domicilio ás _____ horas.

EXCURSIÓNS

AUTORIZO NON AUTORIZO

A realizar a excursións dentro do Concilia Verán 2024.

ACTIVIDADES ACUÁTICAS

AUTORIZO NON AUTORIZO

A realizar a actividade de piscina dentro do Concilia Verán 2024.

¿O/A menor sabe nadar? SI NON

GRUPO DE WHATSAPP

AUTORIZO NON AUTORIZO

A miña inclusión como nai/pai/titor/a legal no grupo de Whatsapp que se creará exclusivamente para as comunicacións relativas ó programa Concilia Vilar de Santos 2024, co fin de realizar unha comunicación mais áxil e dinámica.

Nome da persoa _____

Teléfono _____

En Vilar de Santos a ____ de Xuño de 2024

Asdo. A nai/pai e/ou titor legal



Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO VILAR DE SANTOS. Rúa Celanova, 77 - 32650 Vilar de Santos (Ourense). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.